

## O Lama no camiño

• Autor/es: María Asunción Gómez Neira, Miguel Pavón Freire, Marta Ferreiro Fernández, Pilar Rodríguez Pereira.

• Centro de traballo: IES Lama das Quendas

### Introdución


Por primeira vez o I.E.S. Lama das Quendas participa no Proxecta Mirando polo Camiño con alumnado de Educación Secundaria de Adultos. A finalidade do proxecto é conservar e transmitir o noso patrimonio (material e inmaterial) para evitar o esquecemento do mesmo cando falten os nosos maiores. Ademais de poñer en valor o noso entorno, o alumnado se enriquece coas súas relacións persoais, adquire valores como o respecto polo entorno e decátase dos recursos que temos dispoñibles.



### Resultados

Os resultados son moi positivos: todos os alumnos participaron activamente no proxecto e disfrutaron co proceso. Fomentamos a súa capacidade de relacionarse cos demais (implicáronse distintos sectores) e, tamén, melloraron as competencias dixitais.

Debido ás condicións impostas polo COVID-19 non se puido levar a cabo o produto final, que era a creación dunha guía turística dixital no tramo do Camiño de Inverno que nos ocupa; non obstante, xa temos preparado moito material que servirá de base para a mesma e que se complementa co mapa interactivo que xa creamos.



### Metodoloxía

Propuxemos actividades sinxelas onde participa todo o alumnado coa veciñanza e a comunidade educativa en xeral. Algunhas foron propostas polo alumnado, mentras que noutras o profesorado actuou como guía.

As actividades levadas a cabo foron as seguintes (algunhas están incompletas a causa do Covid-19):

“Entrevistas/interviews a tódolos axentes sociais implicados”

“Pósters informativos e código QR”

“Visionado da película O camiño”

“A influencia do Camiño de Santiago na lingua e na literatura”

“Mapa interactivo do camiño de inverno”

“O románico no camiño”

“Vídeo do patrimonio natural, etnográfico e cultural do camiño de inverno” e “Os aturuxos”



### Conclusión

A redacción da guía turística, aínda que non a rematamos, permitiunos traballar moitos aspectos das distintas materias. O proxecto ilusionou moito ao alumnado, que traballou cunha motivación extra (posto que partíamos do seu mundo máis próximo para achegarlles os contados curriculares do curso), e levou a cabo un proceso de aprendizaxe de forma autónoma, sempre guiados polo profesorado.

### Bibliografía / outros

Alguns enlaces que resultaron de moita axuda para a elaboración de materiais foron os seguintes:

- Camiño de Santiago e a literatura medieval: <https://www.mundiario.com/articulo/camino-de-santiago/peregrinacion-camino-santiago-clave-poesia-literatura-%C2%A0medievales/20170531103202090524.html>
- O Camiño de Santiago e a súa literatura: <https://laametralladora.wordpress.com/2014/02/18/el-camino-de-santiago-y-su-literatura/>
- Historia do Camiño: <https://www.elcaminoconcorreos.com/es/blog/historia-del-camino-de-santiago>
- Historia do Camiño: <https://www.ordendelcaminodesantiago.es/historia-del-camino.html>
- Reseña da película *The way*: <http://www.elespectadorimaginario.com/el-camino/>

Na páxina web de centro están colgados todos os materiais: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas/proxecta>

